



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.A/S/C07-16

ANUNCIO

Asunto.- Rectificación e subsanación de erro material ou de feito advertido no anexo III (MODELO DE PROPOSICION ECONOMICA) dos PCAP do expediente de contratación administrativa do Servizo alleo de Prevención de riscos laborais.

Por resolución de alcaldía núm. 205/ 2016 de 01.04.2016, previa avocación para este acto, da delegación efectuada na Xunta de goberno local por resolución de alcaldía núm. 583/15 de 17.06.15 (BOP núm. 121 de 26.06.15), en materia de contratación administrativa, resolveuse o seguinte:

- *Rectificar e subsanar o erro advertido* na celda da taboa relativa ao prezo anual ofertado (SEN IVE) polo servizo de SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOLOXÍA APLICADA que figura no apartado A.1. do ANEXO III.- MODELO DE PROPOSICION ECONOMICA dos PCAP do expediente de contratación administrativa do Servizo alleo de Prevención de riscos laborais consistente en que

onde dí “ _____ € / hora” debe decir “ _____ €”
--

Dita rectificación se resolve previa comprobación da concorrencia das circunstancias que habilitan á rectificación de erros en base á consideración de que se trata dunha simple equivocación elemental de transcripción de documento, que o erro se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo de referencia sendo o erro patente e claro e sen producirse unha alteración fundamental do sentido do acto.

Bueu, a 01 de abril de 2016

O alcalde. Félix Juncal Novas